

DÍA DA PAZ

O día 29 de Xaneiro, como en moitos coles, no CEIP DE OÍMBRA conmemoramos o día da Paz..

Este ano, nenos/as e mestres/mestras fixemos propósitos de mellora para contribuir a que a paz no medio que nos rodea deixe de ser unha utopía.

A xornada foi completa e as actividades que levamos a cabo múltiples e variadas..

Pola mañá o alumnado traballou nas aulas xunto coas suas titoras o significado da palabra paz, coñecendo a diferentes persoas que loitaron durante a súa vida para que esta fora unha realidade do noso mundo. Tamén pensaron e plasmaron, nas pezas que formarían máis tarde un muro colectivo, os seus propósitos ou desexos de paz, non sen antes acondicionar os centos de cartóns que se recolleran nas últimas semanas para tal fin.

Por grupos, simultaneamente, fomos contruíndo un mural con distintas mans que contiñan o nome de cada membro do centro. O conxunto das mans debuxaban a palabra PAZ.



Con centos de botes, un taboleiro e moita ilusión, algúns nenos xunto co profe Iván, construíron un mural moi original que representaba o valor que estábamos a celebrar.

A sesión da tarde comezámola, todos xuntos no holl do centro, escoitando un comunicado de paz lido pola profe Rosa.

Ao rematar a lectura comezou a soar unha canción que invitaba a iniciar a construción DO MURO DA PAZ. Cada neno cos seus desexos achegábanse aos mestres, que por un día se converteran en albañiles e colocarían dun xeito especial, cada unha das pezas.



Ao rematar a construción o alumnado de 6º adicounos coa flauta o himno da alegría invitando ao resto a que puxeramos a letra e a voz. Así todos acabamos interpretando esta fermosa canción.



Despois da canción todos saímos ao patio e formamos unha espiral para darnos un forte abrazo colectivo. ¡Que xesto máis fermoso! ¡fixádevos na foto!



Rematamos a xornada coa solta de globos que levarían polo aire as nosas mensaxes de paz. ¡Que fermoso ver o ceo cheo de cores nun día como este!.

